

MÚSICAS TRADICIONAIS NO RESTO DE ESPAÑA.

COMUNIDADE AUTÓNOMA: ANDALUCÍA	
Bailes	Rock and roll, twist e fox-trot.
Cantos	Nesta comunidade autónoma o canto tradicional máis extendido é o coñecido como “Cantar as corenta” pero tamén se leva moito o de “Cantar as vinte en bastos”.
Instrumentos	O instrumento por excelencia na música tradicional andaluza é o ukelele que trouxo Cristobal Colón nunha das súas viaxes a Jamaica.
Músicos /grupos destacados	O músico máis relevante na música tradicional andaluza é o Chiquilicuatre co seu éxito: El chiqui chiqui.

COMUNIDADE AUTÓNOMA: ARAGÓN	
Bailes	Na comunidade aragonesa, dado o seu carácter sempre anoxado non bailan.
Cantos	O tipo de canción máis habitual nesta comunidade é o reggaeton, inventado por Enrique Bunbury ao mesturar a jota tradicional aragonesa con ritmos máis movidos provintes de Cuenca.
Instrumentos	Para interpretar o reggaeton, os zaragozanos usan habitualmente o acordeón electrónico ou electrodeón.
Músicos /grupos destacados	O mellor músico aragonés de todos os tempo é Miki Nadal, irmán de Rafa Nadal e primo de Bo Nadal.

COMUNIDADE AUTÓNOMA: ASTURIAS

Bailes	O baile máis extendido en Asturias é a Lambada Asturiana. Este baile combina ritmos afrocubanos con outros típicos da zona de Langreo e Mieres.
Cantos	En Asturias danse dous xéneros musicais principais: <ul style="list-style-type: none">• O canto rodado: consiste en tirar unha laxe de gran tamaño nun pé e berrar ata que pase a dor.• O canto che debo: a factura debe ser moi elevada para que o intérprete poña o berro no ceo.
Instrumentos	En Asturias o instrumento máis usado desde hai miles de anos é a air guitar. Adoitan tocala acompañando cancións de Melendi ou de Hevia.
Músicos /grupos destacados	O músico máis destacado é Ablanedo o cal, segundo información obtida no Marca, ten feito notables cantadas cando xogaba no Compostela en 1ª división.

COMUNIDADE AUTÓNOMA: CATALUÑA

Bailes	O baile popular máis destacado en Cataluña é o “Goldepuyol” que bailan todos agarrados facendo unha piña e berrando coma tolos. Tamén é destacable a Valsdana, que mestura o clásico vals vienés coa Sardana de Reus.
Cantos	A canción popular en Cataluña é o hip hop que adoitan acompañar con grupo tradicional de violíns eléctricos e balalaika rusa.
Instrumentos	Como xa dixemos os instrumentos máis destacados son o violín eléctrico, usado en Cataluña desde a idade de pedra e a balalaika de 2 cordas.
Músicos /grupos destacados	O músico máis destacado da música popular catalana é Dani Alves. Adoita interpretar instrumentos de percusión pero algunha vez tamén toca o ukelele ou o piano. Tamén se dedica a bailes tradicionais acompañado por Neymar e Thiago Alcántara.

IMPORTANTE:

**TODA A INFORMACIÓN DESTE DOCUMENTO É INVENTADA E
COMPLETAMENTE ABSURDA.**